

**NÚMERO 2/18**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2018.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezaoitto, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelos, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación de actas da sesións anteriores.-**

Apróbanse por unanimidade as actas da sesións nº 12/2017, de 30-11-2017, nº 13/2017, de 19-12-2017, e nº 1/2018, de 18-1-2018, logo de corrixir un erro material nesta última, a instancia do sr. Anido, suprimindo a expresión “pero non van”.-

**2º.- Revisión de oficio da licenza urbanística 121/2005, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 11-3-2005.-**

O concelleiro delegado de Urbanismo sr. Montouto dá conta do expediente tramitado para revisión de oficio da licenza urbanística 121/2005, relativa á construción de 15 vivendas en Fiunchedo, en execución da sentenza 620/2014, de 3 de xullo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se condena ao Concello a incoar, tramitar e resolver dito procedemento de revisión de oficio, expediente no que consta ditame favorable da Comisión Xeral emitido nos seguintes termos:

“Examinado o expediente tramitado para revisión de oficio da licenza urbanística 121/2005, relativa á construción de 15 vivendas en Fiunchedo, en execución da sentenza 620/2014, de 3 de xullo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se condena ao Concello a incoar, tramitar e resolver dito procedemento de revisión de oficio.-

Resultando que con data 18-9-2017 recibíuse ditame do Consello Consultivo de Galicia ditado no expediente CCG 277/2017, no que este órgano considera necesario que se retrotraian as actuacións para emendar as deficiencias de instrución que en dito escrito se sinalan, e que efectuadas ditas emendas a Alcaldía remitiu ao Consello mediante oficio de 18-12-2017 proposta de resolución, para cumprir o prazo establecido e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno.-

Visto que unha vez sometida a ditame desta Comisión informativa Xeral a ratificación da proposta de resolución remitida pola Alcaldía ao Consello Consultivo, mediante escrito recibido o día 19-1-2018 co nº 487 de rexistro de entrada dito órgano consultivo devolve o expediente e remite o seu Ditame de data 17-1-2017 no que informa favorablemente a proposta de resolución de que se trata, lembrando a obriga de comunicar no prazo de un mes a adopción da resolución que se adopte.-

Considerando que o ditame do Consello Consultivo de Galicia, preceptivo en virtude do artigo 12.f) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, é ademais vinculante por dispoñelo así a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cuxo artigo 106.1 require “previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma” para a revisión de disposicións e actos nulos, esta Comisión hónrase en propoñer ao Pleno da Corporación que, en execución da Sentenza 620/2014, de 3 de xullo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resolva o expediente tramitado para revisión de oficio da licenza urbanística 121/2005 nos seguintes termos:

1º.- Declarar a improcedencia da revisión de oficio da Licenza urbanística 121/2005, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 11-3-2005, ao non incorrer dito acto en vicio ningún determinante de nulidade de pleno dereito.-

2º.- Que se incoe de forma inmediata expediente para a declaración de lesividade de dita licenza, ao apreciarse na mesma defectos que puideran determinar a súa anulabilidade”.-

Maniféstanse a favor do ditame os portavoces dos grupos BNG, PDSP e PSOE.-

Polo grupo PP o sr. Anido maniféstase en contra do ditame ratificándose no dito na sesión plenaria de 29-6-2017, trátase de validar as desfeitas das políticas urbanísticas do sr. Rodríguez Ares, o ditame do Consello Consultivo parte dun suposto falso e búscase enganar a un xuíz; non sabe por que se trae o

asunto ao Pleno se o Consello Consultivo dixo que é competente o órgano que deu a licenza; o seu grupo votará en contra porque se personaron e non foron emprazados e porque se trata de esconder aos responsables dunha ilegalidade urbanística.-

O sr. Gómez fai referencia a unha resolución da Audiencia Provincial, da que di ler unha parte, na que se afirma que a licencia de Porto Brasa cumpriu os requisitos da legalidade.-

A sra. Bolaño di que non lle queda mais que seguir o ditame do Consello Consultivo porque o técnico de Administración Xeral de Urbanismo informouna de que é vinculante.-

O sr. Montouto resalta que o expediente ten todos os informes favorables ao sentido da proposta, non só o dun arquitecto experto da Universidade, senón o do Xefe do Servizo de Asistencia da Deputación Provincial, ao non dispoñer o concello de arquitecto, e o do Secretario Xeral do Concello; trátase de executar unha sentenza resolvendo sobre a revisión de oficio, xa que o expediente sancionador xa foi rematado e as multas cobradas; é unha cuestión á marxe disto a do estudo de detalle, sobre o cal xa se verá o que procede.-

Tras un longo debate, con alusións a cuestión alleas ao obxecto do mesmo, o sr. Alcalde somete o asunto a votación, quedando aprobado por dez votos a favor e sete abstencións o seguinte acordo:

1º.- Declarar a improcedencia da revisión de oficio da Licenza urbanística 121/2005, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 11-3-2005, ao non incorrer dito acto en vicio ningún determinante de nulidade de pleno dereito.-

2º.- Que se incoe de forma inmediata expediente para a declaración de lesividade de dita licenza, ao apreciarse na mesma defectos que puideran determinar a súa anulabilidade.-

**3º.- Expediente de contratación por procedemento aberto dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada.-**

Neste punto o sr. Alcalde propón deixar o asunto sobre a mesa a fin de completar o Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato coa introdución de cláusulas sociais e ambientais.-

O sr. López Mallo di que é mellor que se retire, porque estase incumprindo a normativa aprobada polo Pleno. O sr. Alcalde di que xa hai no prego cláusulas sociais pero que o goberno municipal as considera insuficientes.-

Efectuada votación, apróbase por unanimidade deixar sobre a mesa o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada.-

**Control de Órganos de Goberno:**

**4º.- Informes e comunicacións.-**

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 27-11-2017 a 19-1-2018.-

**5º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

**5º.1.- Moción do Grupo Municipal do BNG instando aos gobernos da Xunta e do Estado a adoptar decisións efectivas tendentes á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.-**

O sr. Suárez presenta a moción do grupo BNG para instar aos gobernos da Xunta e do Estado para que adopten decisións efectivas tendentes á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público, xustificando a súa urxencia en que se está nunha situación na que se dan as circunstancias oportunas e favorables para que se adopten as medidas necesarias para a incorporación do símbolo da represión franquista que constitúe o Pazo de Meirás ao patrimonio público e porque o espolio que tivo lugar no ano 1938 segue hoxe vixente coa connivencia das elites políticas e económicas que soportan o franquismo sustentado en parte por membros do PP.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con oito votos a favor e nove votos en contra.-

**5º.2.- Moción do Grupo Municipal do BNG contra a subida de peaxes na AP-9.-**

O sr. Suárez presenta a moción do grupo BNG contra a subida de peaxes na AP-9, xustificando a súa urxencia en que se produce unha suba das peaxes a pesar dos beneficios que obtivo AUDASA o ano pasado, e en que é unha demanda histórica, xa non do BNG, senón dos usuarios.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con oito votos a favor, dúas abstencións e sete votos en contra.-

**5º.3.- Moción do Grupo Municipal do BNG sobre o dereito a decidir.-**

O sr. Suárez presenta a moción do grupo BNG sobre o dereito a decidir, xustificando a súa urxencia en que o BNG solicita que os galegos e galegas, como nación, teñan dereito a decidir sobre o seu futuro.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con oito votos a favor e nove votos en contra.-

**5°.4.- Moción do Grupo Municipal do BNG en relación coa falta de recursos para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.-**

A sra. Reimúndez presenta a moción do grupo BNG en relación a falta de recursos para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cuxa urxencia se xustifica pola cantidade de casos de violencia que se ven acotío, a falta de acción e de control dos gobernos e o sentimento de impotencia por parte dos concellos pola falta de medios, recursos e financiamento.-

Estimada a urxencia da moción por dez votos a favor e sete en contra, a sra. Reimúndez procede á súa exposición, afirmando que a falta de dotacións orzamentarias segue impedindo poñer en marcha medidas previstas na Lei 11/2007, así como desenvolver en condicións óptimas a Lei Orgánica 1/2004 contra a violencia de xénero.-

A sra. Bolaño manifesta o acordo do seu grupo coa moción, invitando á concelleira delegada de igualdade a unirse para ir introducindo no Presuposto municipal dotacións económicas para estes efectos.-

O sr. Montouto expresa a posición favorable á moción do grupo Sadamaioría, se ben considera que debe irse mais alá para acabar co sistema imperante de heteropatriarcado.-

A sra. Salorio considera que esta moción non é urxente, nada impedía que se presentara formando parte da Orde do Día, di que o asunto estase a tratar no Parlamento Galego e fala do incremento das axudas que concede a Secretaría Xeral de Igualdade. O seu grupo quere propoñer unha emenda á moción, que dita concelleira procede a expoñer, dándolle lectura.-

O sr. Alcalde somete a votación a emenda do grupo PP, que é rexeitada por sete votos a favor e dez en contra, sendo aprobada por maioría a moción, con dez votos a favor e sete en contra, polo que queda adoptado o seguinte acordo:

1. A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.-

2. Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, a comezar por destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais na prevención e na investigación dos casos de violencia de machista.-

3. Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.-

4. Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.-

**5°.5.- Moción do grupo municipal do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable.-**

A sra. Pose presenta a moción do grupo PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable cuxa urxencia xustifica en que é un tema de especial actualidade no que é fundamental que este Concello exprese a súa opinión e se posicione claramente, pois as consecuencias para a sociedade son de gran relevancia xa que afectan á seguridade, aos dereitos e ás liberdades de todos os españois.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor, dúas abstencións e oito votos en contra.-

**5°.6.- Moción do grupo municipal do PP relativa ao cambio de nomes das rúas.-**

O sr. Tellado presenta a moción do grupo PP relativa ao cambio de nomes das rúas cuxa urxencia xustifica en que se trata dun punto que se trouxo no pleno ordinario de decembro de 2016 para aprobación do cambio de 90 nomes de rúas en cumprimento da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor, dúas abstencións e oito votos en contra.-

**5°.7.- Moción do grupo municipal de Sadamaioría para solicitar a retirada do proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde do ano 2018.-**

O sr. Montouto presenta a moción do grupo Sadamaioría para solicitar a retirada do proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde do ano 2018 cuxa urxencia xustifica en que a a modificación propón reducir a participación na xestión e control do sistema, reducir as áreas sanitarias, desmantela e recorta os recursos dos hospitais comarcais que acercan a atención hospitalaria á poboación rural alonxada dos grandes hospitais, e consolida a selección dos traballadores sanitarios por libre designación, así como a privatización da formación, investigación e innovación do sistema sanitario público galego.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con oito votos a favor e nove votos en contra.-

**6º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez pregunta se o sr. Alcalde é coñecedor do auto ditado o pasado 30 de novembro pola titular do Xulgado de Instrución Nº 1 de Betanzos. O sr. Alcalde responde que non e que non ten por que coñecelo se non é un asunto do concello. O sr. Gómez explica que o auto refírese á apertura de xuízo oral pola adxudicación da redacción de proxectos de obras e asesoramento urbanístico por parte do sr. Anido ao arquitecto Javier Corredoiras e lé parte dun documento que segundo afirma é o citado auto.-

O sr. Tellado roga ao sr. Alcalde que cambie na maior brevidade posible o nomes das rúas. O sr. Alcalde indica que as placas están compradas e pagadas e que hai que instalalas.-

A sra. García Freire fai dous rogos:

1) Solicita o pintado das paredes dos nichos do cemiterio de Fiunchedo, xa que aínda que o sr. Alcalde ten afirmado que están completamente pintadas, non é así.-

2) Con respecto á marquesiña do Centro de Saúde indica que, recentemente estreada, os pivotes da mesma xa presentan golpes dos vehículos, considera que a obra é unha auténtica chapuza. A sra. Bolaño explica que a idea inicial era que a marquesiña non tivese pivotes, pero, dada a inexistencia de planos do edificio, o arquitecto redactor do proxecto non arriscou a poñer unha rampla dese volume sen saber se a estrutura do edificio aguanta dela sen pivotar.-

O sr. Anido fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Ante alusións contra a súa persoa, roga ao sr. Alcalde que centre aos membros da Corporación en facer rogos e preguntas, en vez de deixar a algúns falar moito e dicir disparates.-

2) Pregunta pola falta de presenza policial tanto no anterior pleno extraordinario como no presente pleno ordinario. Responde o sr. Alcalde que están a facer controis coa Garda Civil polo problema dos roubos, xa que lles foi requirida axuda.-

3) Roga que se instale unha terceira cámara no Pleno para que se vexa o comportamento dalgúns membros.-

4) Pregunta se, cando hai una alarma por chuvia incesante, o sr. Alcalde abre e pecha as trampillas de evacuación. Responde o sr. Alcalde que el non é o encargado dese cometido.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e cincuenta minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-